# Os cinco colectores de separación de residuos

*No 2023 engadiuse nos puntos de reciclaxe un novo colector de cor **marrón**.*
*Cos restos que se recollen nel poderá elaborarse compost para usalo como fertilizante.*

## Marrón
*RESIDUOS ORGÁNICOS*

**Que debe depositarse:**

- **Refugallos** de **comida** crúa ou cociñada
- Espiñas de **peixe**, marisco
- **Ósos** e **carabuñas** de todo tipo
- Restos de **froita** e **verduras**
- **Cascas** de ovo, **codias** de queixo
- **Papel** de cociña e panos de man usados
- **Rollas** e escarvadentes
- **Herba** e pequenos restos de **plantas**

**Non debe depositarse:**

- Nin cueiros nin papel hixiénico
- Nin compresas nin tampóns
- Nin goma de marcar nin cabichas
- Nin po do aspirado
- Nin area de gatos
- Nin líquidos nin aceites
- Nin cinzas nin madeira pintada
- Nin toalliñas húmidas

## Iglú Verde
*VIDRO EN XERAL*

**Que debe depositarse:**

- Todo material realizado con **vidro**
- **Botellas** de viño, auga, cervexa
- **Tarros** de conservas de vidro
- **Frascos** de cosmética

**Non debe depositarse:**

- Ningún tapón ou tampa de ningún tipo
- Nin cristal nin cerámica
- Nin vasos nin copas nin cristalería
- Nin pratos nin cuncas nin vaixela
- Nin xerros nin outros restos de cerámica
- Nin cinceiros
- Nin bombillas nin fluorescentes

## Azul
*PAPEL E CARTÓN*

**Que debe depositarse:**

- **Papel**, folios e cartón limpos
- **Envases** e caixas de **cartón** limpas
- **Bolsas** de **papel** limpas
- **Papel de regalo** (non metalizado)
- **Xornais** ou folletos
- **Revistas** (sen grampas)
- **Cadernos** sen espiral
- **Cartolinas** sen restos de cola

**Non debe depositarse:**

- Nin envoltorios sucios nin con restos
- Nin panos de man de papel usados
- Nin panos de e papel de cociña usados
- Nin vasos de papel con restos
- Nin tíckets de tendas

## Amarelo
*ENVASES LIXEIROS*

**Que debe depositarse:**

- **Botellas** de **plástico**
- **Briks** (leite, zume...)
- **Tampas**, tapóns, chapas de botellas
- Papel e **bandexas** de **aluminio**
- **Latas** de bebida ou de conserva
- **Aerosois** (desodorizantes, sprays)
- **Bolsas** de **plástico**
- **Bandexas** de **polispán**

**Non debe depositarse:**

- Nin plástico que non sexa envase
- Ningún xoguete de plástico
- Nin biberóns/mamadeiras, nin chupetas
- Nin utensilios de plástico ou de silicona
- Nin papel film alimentario nin de forno
- Nin cápsulas de café
- Nin bolígrafos nin rotuladores
- Nin os e nvases das menciñas

## Gris ou Verde
**cadrado** *RESTO*



Todo **resto** que non vaia noutro colector ou que non se puidese separar ou limpar